

ENCIGA 2019

VISITA CONXUNTO HISTÓRICO E FÁBRICA DE SARGADELOS

Dentro das actividades a desenvolver durante a celebración do XXXII Congreso de Enciga 2019, propónse unha visita guiada a este interesante conxunto histórico artístico situado no concello de Cervo. A duración de dita actividade será de dúas horas aproximadamente (restos das antigas instalacións siderúrxicas. Museo sito na Casa da Administración, posibilidade de visita ao Pazo, nova factoría de Sargadelos...). Co obxectivo de ofrecer aos futuros participantes unha primeira aproximación á actividade, aportamos unha pequena bibliografía sobre o tema e uns breves apuntes acerca da historia do lugar. Boa visita!

PARA INTRODUCIRSE, esta xenial serie documental:

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-15-a-forza-das-maquinas>

PARA AMBIENTARSE, esta fantástica novela:

CONDE, ALFREDO "Azul Cobalto. Historia posible do Marqués de Sargadelos", Edhasa Barcelona, 2001

PARA PROFUNDIZAR....

MUÑOZ FONTENIA, L. "Arte e industria. Isaac Díaz Pardo". Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2001.

VVAA "El Marqués de Sargadelos y su obra" La Coruña, Edicions do Castro, 1970

MEIJIDE PARDO " Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos", La Coruña, Edicions do Castro, 1979

VVAA " Nuevas aportaciones para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos" . La Coruña, Edicions do Castro, 1993;

CAÑO, do, XOSÉ MANUEL "El contencioso de Sargadelos. Isaac Díaz Pardo". Ed Linneo 2009

O MARQUÉS DE SARGADELOS

Antonio Raimundo Ibáñez, fillo dun escribán dos Oscos de familia de hidalgos, tras acabar os seus estudos, entra en 1770 na casa nobre de Guimarán de Ribadeo, da que chegou a ser administrador xeneral, ocupándose das actividades comerciais que a casa realizaba. Catro anos despois establécese pola súa conta, acumulando numerosas ganancias e en 1784 constituíu con José Andrés García unha sociedade para importar liño de Rusia, ferro e aceiro de Suecia e bacallau de Terranova, ademais doutros produtos. Pero, sen dúbida, o máis novidoso da actividade económica de Ibáñez foron as fábricas de ferros que levantou en Sargadelos. En 1788 fixo público o proxecto de establecer uns altos fornos nas proximidades do porto de San Ciprián e algúns anos despois conseguiu contratar a fabricación de municións por conta do Estado. A oposición a este proxecto foi seria entre a nobreza e da Igrexa, non interesados en que se alterase a situación económico-social da zona. En 1798 corría pola comarca o rumor de que a fábrica ía deixar de pagar os dereitos da leña e que requiriría máis servizos aos veciños. Estes asaltaron as instalacións de Sargadelos, queimaron e esnaquizaron parte das instalacións, chegando até a casa de Ibáñez, que puido escapar. Ibáñez non se desanimou e reconstruíu e reparou o destruído e danado, á vez que reclamaba a consecvente indemnización. Ademais das modernas fábricas de ferros que tiña, levantou unha de louza. Co coñecemento de que en Burela se podían sacar bos caolines, xa en 1806 fixo os primeiros ensaios para a fabricación de louza ao estilo Bristol. Outro dos seus proxectos foi o de montar en Sargadelos a gran fábrica de cristal de Galicia, pero non puido levalo a cabo.



Concedéuselle o título de marqués de Sargadelos (aínda que non chegou a recibilo) e en 1808 formou parte da Xunta Patriótica de Ribadeo, encargada de dirixir a política municipal trala invasión francesa. Dicha Xunta decidiu entregar a cidade aos franceses, para evitar unha loita cruenta. Cando, pouco despois, as tropas patrióticas de Asturias cruzaron a ría do Eo e entraron en Ribadeo, uníronselles os veciños -que estaban na rúa en manifestación contra os membros da Xunta- e Ibáñez tentou fuxir, pero déronlle morte ao chegar ás veigas de Dompioñor o 2 de febreiro de 1809.

Trala guerra, un dos fillos do marqués continuará coa empresa, tomando cada vez máis importancia a fábrica dedicada á louza, na cal chegaron a traballar máis de 1000 familias a mediados do século XIX, aínda que problemas de disputas familiares e de competencia farán que peche as súas portas en 1875.

SARGADELOS HOXE



Este proxecto xorde da inquietude empresarial e artística do pintor e intelectual Isaac Díaz Pardo e de Luís Seoane, interesados ademais en traballar pola recuperación económica e cultural de Galicia, o que se plasma en 1963 coa creación do Laboratorio de Formas. Díaz Pardo xa en 1949 se fixera cargo da dirección da Fábrica de Cerámicas do Castro situada en Sada. En 1968, comezaron as obras da factoría de Cervo, tras a constitución da sociedade Cerámica de Sargadelos, comezando enseguida a fabricación das primeiras pezas. Trátase de restaurar nesa nova etapa a empresa do antigo Sargadelos, asociada a unha concepción cultural moderna do que significaba Galicia. Estes proxectos implicaban tamén a xestión dunha pequena editorial (Edicións do Castro) e do Museo Carlos Maside. En 1970, o arquitecto Andrés Fernández Albalt deseñou o edificio que albergaría a Fábrica de Sargadelos situada en Cervo, intentando que o edificio parecera un xigantesco obradoiro de arte. Era exactamente o que Díaz Pardo esperaba para a factoría que empezaba a dirixir, e que acabaría sendo declarado Conxunto Histórico Artístico. Pero tamén quería que Sargadelos fose algo máis que unha fábrica de cerámica, quería que se convertese nun centro de investigación, para o que creou en 1972 o Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos, que celebra todos os veráns unhas xornadas nas que se dan cita estudantes da cerámica e expertos na materia chegados de todas partes do mundo.

CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO



Foi declarado como tal en 1972 e está formado polos seguintes bens: a presa, restos das instalacións siderúrxicas, Casa da administración, Casa do Peso, paseo dos



Namorados, pazo de Ibáñez, Igrexa de Santiago